


semana santa santiago
2014



Semana
Santa
COMPOSTELÁ



Saída

Un ano máis dispoñémonos a celebrar a Semana Santa que, como sabemos, é para os cristiáns a máis importante entre todas as semanas do ano, santificada polos acontecementos que celebramos na liturxia deses días: a paixón, a morte e a resurrección de Cristo, unha semana consagrada a Deus de xeito moi especial.

Son días para recordar e agradecer, pero tamén seguir, o camiño que Xesús escolleu para a nosa salvación. E este camiño non é outro que a pobreza e a entrega de si mesmo. En toda época e en todo lugar, Deus segue salvando os homes mediante a pobreza de Cristo, o cal se fai pobre nos Sacramentos, na Palabra e na súa Igrexa, que é un

pobo de pobres. A riqueza de Deus non pode pasar a través da nosa riqueza, senón sempre e soamente a través da nosa pobreza, persoal e comunitaria, animada polo Espírito de Cristo.

Esta é a reflexión que nos propón precisamente o papa Francisco na mensaxe da Coesma deste ano subliñando “que este tempo encontre a toda a Igrexa disposta e solícita á hora de testemuñar a cantos viven na miseria material, moral e espiritual a mensaxe evanxélica, que se resume no anuncio do amor do Pai misericordioso, listo para abrazar en Cristo cada persoa. Poderemos facelo na medida que nos conformemos a Cristo, que se fixo pobre e nos enriqueceu coa súa pobreza. A Coesma é un tempo adecuado para despoxarse; e faranos ben preguntarnos de que podemos privarnos co fin de axudar e enriquecer outros coa nosa pobreza. Non esquezamos

que a verdadeira pobreza doe: non sería válido un despoxo sen esta dimensión penitencial. Desconfío da esmola que non custa e non doe”.

Pido ao Señor e á nosa Nai Santa, que esta Semana Santa en camiño cara á Pascua sexa unha ocasión providencial para afianzar os lazos familiares e o sentido da nosa fe, vivindo e participando xuntos nos diversos actos cos que celebramos a paixón, morte e resurrección de Cristo.

Julián Barrio Barrio

ARCEBISPO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Ángel Currás Fernández

ALCALDE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Semana Santa, ademais de momento cume do calendario litúrxico e de fenómeno de relixiosidade popular, é un acontecemento cultural ao que non pode ser allea a cidade de Santiago. Antes ao contrario, pola nosa condición de capital cultural, e particularmente pola filiación espiritual e a fisionomía monumental da urbe, Santiago de Compostela revélase como un escenario moi acaído para acoller os ritos e os pasos, a entrega espiritual ou a admiración estética.

Nunha etapa histórica na que desaparecen a maior parte das tradicións cabe felicitar-se pola vixencia desta celebración, vivificada en Compostela grazas á iniciativa e ao esforzo da Xunta de Confrarías. Nunha etapa histórica de vacuas realidades ou imaxes virtuais, cabe felicitar-se tamén por esta realidade sensible e intelixible, de imaxes reais, que é a Semana Santa, susceptible de ser contemplada, por residentes ou foráneos -sexa cal sexa a súa opción espiritual-, cunha mirada de respecto, curiosidade ou admiración; e, como xa apuntei, nun escenario urbano que poucas cidades poden ofrecer.

Paz e ben: a Semana Santa é un tempo de apertura de corazón para aprender a ler desde a profundidade da propia vida unha mensaxe de amor proclamado fai séculos, e que segue a ser, hoxe tamén, santo e sinal de quen se atreva a camiñar sobre o sendeiro da vida procurando un significado profundo e certo. E, nese senso, os actos litúrxicos e as procesións convértense en pedagogía sinxela e directa para quen saiba ler desde o íntimo.

Se a esta emoción unimos o esforzo colectivo das confradías por dar forma, voz e son aos acontecementos da vida de Xesús no seu xesto de máxima entrega por puro amor, poderemos dicir que a Semana Santa compostelá é unha bela evocación dos feitos acontecidos en Xerusalén, un lembrar mais para actualizar, para revivir, para sentir, para experimentar e compartir o marabilloso agasallo do amor.

A cidade de Santiago de Compostela resulta ser un sacro escenario para representar “a Paixón” e “Resurrección”, posto que as pedras centenarias transfórmanse, por puro alarde poético, en pedras vivas que semellan estremecerse ao paso dos confrades no seu simbólico peregrinar polas vetustas rúas, desfollando nos seus corazóns a emoción de vivir para compartir. E unha vez máis, seremos os de aquí, unidos aos visitantes destes días, os que en silencio reverencial sentiremos o latexo deste corazón apaixonado que a forza de amor produce vida en abundancia.

Silencio... xa se oen os sons característicos da “semana de Paixón”, e a cidade abre os seus brazos coma unha nai para acoller con aberta fraterna. Si, xa se intúe o rexurdir dun novo xeito de entender a existencia, a que viviu apaixonadamente o auténtico protagonista deste drama con final feliz, Xesús de Nazaret: Nel triunfa o amor.

Frei Francisco J. Castro Miramontes

FRANCISCANO



Pregón 5

sábado
ABRIL
20.30 h

PEZAS
musicais

MONSEÑOR FREI JOSÉ RODRÍGUEZ CARBALLO, Secretario da Congregación para os Institutos de Vida Consagrada e as Sociedades de Vida Apostólica e Arcebispo de Belcastro

Igrexa de San Francisco

SEXTETO

20:00 h. Abertura dos Reais Fogos Artificiais de G.F. Haendel

QUINTETO DE CORDA

20:30 h. Quinteto para corda en sol-menor de W. A. Mozart, KV 516

13 de abril. Domingo de Ramos

11.30 h. Praza da Quintana. Bendición de Ramos

12.00 h. Misa Estacional. Preside Sr. Arcebispo

15 de abril. Martes Santo

12.00 h. Santa Misa Crismal. Preside Sr. Arcebispo

Consagración de Santos Óleos e Santo Crisma

17 de abril. Xoves Santo

12.00 h. Celebración comunitaria da Penitencia

18.00 h. Santa Misa da Cea do Señor. Preside Sr. Arcebispo

18 de abril. Venres Santo

11:00 h. Praza da Quintana. Sermón do Santo Encontro.

12:00 h. Catedral. Celebración comunitaria da Penitencia.

12:00 h. Capela das Ánimas. Sermón das Sete Palabras.

17:00 h. San Francisco. Desencravo

18.00 h. Celebración Litúrxica da Paixón. Preside Sr. Arcebispo

19 de abril. Sábado Santo

12.00 h. Celebración do Oficio de Lecturas

18.00 h. Sermón da Soidade e Via Crucis

22.00 h. Solemne Vixilia Pascual. Preside Sr. Arcebispo

20 de abril. Domingo de Pascua

11.30 h. Procesión con chirimías e Botafumeiro

12.00 h. Misa Estacional. Preside Sr. Arcebispo

Con Bendición Apostólica, concedendo “indulxencia plenaria”

Actos

15 MARZO
17.30 h

CONFRARÍA DA ESPERANZA
COFRADÍA DE LA ESPERANZA

Igrexa de San Fructuoso. Acto confrade
Iglesia de San Fructuoso. Acto cofrade

27.28.29
MARZO
20.30 h

CONFRARÍA DA HUMILDADE
COFRADÍA DE LA HUMILDAD

Igrexa de Santa M^a do Camiño. Triduo na Honra á Nosa Señora da Humildade
Iglesia de Santa M^a del Camino. Triduo en Honor a Nuestra Señora de la Humildad
(29 de Marzo. Xuramento e beixamáns)

3-11 ABRIL
20.00 h

CONFRARÍA DO NOSO PAI XESÚS NAZARENO E A STMA. VIRXE DAS DORES
COFRADÍA DE NUESTRO PADRE JESÚS NAZARENO Y LA STMA. VIRGEN DE LOS DOLORES

Igrexa de San Miguel dos Agros. Novena
Iglesia de San Miguel de los Agros. Novena

6 ABRIL
18.00 h

CONFRARÍA DA ENTRADA TRIUNFAL DE XESÚS EN XERUSALÉN
COFRADÍA DE LA ENTRADA TRIUNFAL DE JESÚS EN JERUSALÉN

Igrexa da Orde Franciscana Segrar. Vía Crucis
Iglesia de la Orden Franciscana Seglar. Vía Crucis

7-15
ABRIL
20.30 h

ILUSTRE COFRADÍA DA VIRXE DA SOIDADE
ILUSTRE COFRADÍA DE LA VIRGEN DE LA SOLEDAD

Igrexa de Salomé. Novena na Honra da Virxe da Soidade
Iglesia de Salomé. Novena en Honor de la Virgen de la Soledad

- 9 ABRIL**
20.30 h
- REAL CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DA UNCIÓN E NOSA SEÑORA DA SERENIDADE**
REAL COFRADÍA DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LA UNCIÓN Y NUESTRA SEÑORA DE LA SERENIDAD
- Eucaristía en honra á Nosa Señora da Serenidade presidida polo Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio Barrio, Arcebispo de Santiago de Compostela
- Eucaristía en honor a Nuestra Señora de la Serenidad presidida por el Excmo. y Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio Barrio, Arzobispo de Santiago de Compostela
-
- 15 ABRIL**
20.30 h
- CONFRADÍA DO NOSO PAI XESÚS FLAXELADO - COFRADÍA DE NUESTRO PADRE JESÚS FLAJELADO**
- Igrexa de Santo Agostiño. Misa Confrade
Iglesia de San Agustín. Misa Cofrade
-
- 18 ABRIL**
17.00 h
- CONFRADÍA DA VERA CRUZ - COFRADÍA DE LA VERA CRUZ**
- Igrexa Conventual de San Francisco. Desencravo do Noso Señor
Iglesia Conventual de San Francisco. Desencravo de Nuestro Señor
-
- 19 ABRIL**
19.00 h
- CONFRADÍA NUMERARIA DO ROSARIO - COFRADÍA NUMERARIA DEL ROSARIO**
- Solemne Vixilia Pascual e Encontro de María con Cristo Resucitado
Capela do Rosario - Igrexa de San Domingos de Bonaval
Capilla del Rosario - Iglesia de San Domingos de Bonaval
-
- 24, 25, 26**
ABRIL
20.00 h
- CONFRADÍA DO STO. CRISTO DA PACIENCIA DE CONXO - COFRADÍA DEL STO. CRISTO DE LA PACIENCIA DE CONXO**
- Capela de Sto. Cristo na Igrexa de Conxo. Triduo ao Santo Cristo
Capilla del Sto. Cristo en la Iglesia de Conxo. Triduo al Santo Cristo





*Venres
de Paixón
Viernes de Pasión*

www.cofradiadoloressantiago.es

Venres · Viernes

11

ABRIL

21.00 h

PROCESIÓN VIRXE DAS DORES

Confraría do Noso
Pai Xesús Nazareno e a
Stma. Virxe das Dores

Sede Igrexa de San Miguel dos Agros
Saída Praza de San Miguel

PROCESIÓN VIRGEN DE LOS DOLORES

Cofradía de Nuestro
Padre Jesús Nazareno y la
Stma. Virgen de los Dolores

Sede Iglesia de San Miguel dos Agros
Salida Plaza de San Miguel

Percorrido · Recorrido

Praza de San Miguel · Abril Ares · Campás
de San Xoán · Praza Inmaculada · Catedral
Praterías · Rúa do Vilar · Toural · Rúa Nova
Conga · Preguntoiro · Praza de Cervantes ·
Algalia de Arriba · Praza de San Miguel.

PROCESIÓN DA ENTRADA EN XERUSALÉN

Confraría
Orde Franciscana Segrar

Sede e saída

Igrexa da Orde Franciscana Segrar
(Terceira Orde)

PROCESIÓN DE LA ENTRADA EN JERUSALÉN


Cofradía
Orden Franciscana Seglar

Sede y salida

Iglesia de la Orden Franciscana Seglar
(Tercera Orden)

Percorrido • Recorrido

Campiño de San Francisco · San Francisco
Praza do Obradoiro · Fonseca · Praterías
Praza da Quintana · Praterías · Fonseca · Praza
do Obradoiro · Campiño de San Francisco.



Domingo

13

ABRIL

10.45 h

*Domingo
de Ramos*



Domingo
de Ramos

Domingo

13

ABRIL

18.00 h

PROCESIÓN DA ESPERANZA

Confraría da Esperanza

Sede Igrexa das Ánimas

Saída Praza das Ánimas

PROCESIÓN DE LA ESPERANZA

Cofradía de la Esperanza

Sede Iglesia de las Ánimas

Salida Plaza de las Ánimas

Percorrido • Recorrido

Igrexa das Ánimas · Casas Reais · Praza de Cervantes · Preguntoiro · Caldeirería · Tras Salomé · Rúa Nova · Toural · Orfas · Caldeirería · Preguntoiro · Cervantes · Casas Reais
Igrexa das Ánimas.

PROCESIÓN DA HUMILDADE

Confraría da Humildade

Sede Igrexa de Sta. María do Camiño
Saída Rúa Travesa

PROCESIÓN DE LA HUMILDAD

Cofradía de la Humildad

Sede Iglesia de Sta. María del Camino
Salida Rúa Travesa

Igrexa Sta. María do Camiño · Rúa Travesa
Casas Reais · Praza de Cervantes · Preguntoiro · Caldeirería · Orfas · Toural · Rúa do Vilar · Xelmírez · Conga · Preguntoiro · Praza de Cervantes · Casas Reais · Rúa Travesa Igrexa Sta. María do Camiño.



Luns-Lunes

14

ABRIL

21.30 h

Luns
Santo
Lunes Santo

<http://confrariadahumildade.blogspot.com.es>



*Martes
Santo*

Martes

15

ABRIL

21.00 h

PROCESIÓN DO SANTÍSIMO CRISTO DA PACIENCIA

Confraría do Santísimo
Cristo da Paciencia

Sede Igrexa da Mercé de Conxo
Saída Igrexa das NN. Mercedarias.
Tránsito da Mercé

PROCESIÓN DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LA PACIENCIA

Cofradía del Santísimo
Cristo de la Paciencia

Sede Iglesia de la Merced de Conxo
Salida Iglesia de las MM. Mercedarias.
Tránsito de la Merced

Percorrido · Recorrido

Convento das Mercedarias · Fonte de San
Antonio · Orfas · Praza do Toural · Rúa do Vilar
Praza das Praterías · Catedral.

PROCESIÓN ORACIÓN DO HORTO E PRENDEMENTO

Confraría da Vera Cruz

Sede Igrexa de San Francisco
Saída Campiño de San Francisco


PROCESIÓN ORACIÓN DEL HUERTO Y PRENDIMIENTO

Cofradía de la Vera Cruz

Sede Iglesia de San Francisco
Salida Campillo de San Francisco

Percorrido • Recorrido

Campiño de San Francisco · Carretas · San Fructuoso · Trinidad · Praza de San Clemente · Subida San Clemente · Rodrigo de Padrón · Avda. de Figueroa · Porta Faxeira · Rúa do Vilar · Praterías · Rúa Fonseca · Praza do Obradoiro · Campiño de San Francisco.



Martes
Santo

Martes

15

ABRIL

22.30 h

www.cofradiaveracruzsantiago.es



Mércores
Santo
Miércoles Santo

Mércores·Miércoles

16

ABRIL

19.30 h EUCHARISTÍA

20.00 h VIA-CRUCIS

EXERCICIO DO VÍA CRUCIS

Coordinadora de Asociacións
Relixiosas Segrares

Sede Igrexa de San Francisco

Saída Campiño de San Francisco

(En caso de choiva estos actos trasladaranse ao interior da Igrexa de San Francisco)

EJERCICIO DEL VÍA CRUCIS

Coordinadora de Asociaciones
Religiosas Seglares

Sede Iglesia de San Francisco

Salida Campillo de San Francisco

(En caso de lluvia estos actos se trasladarán al interior de la Iglesia de San Francisco)

Percorrido · Recorrido

Catedral · Praza da Quintana · Rúa da Conga
Rúa Xelmírez · Praza das Praterías · Rúa
Fonseca · Rúa do Franco · Praza do Obradoiro
Rúa San Francisco · Campiño de San Francisco
Igrexa de San Francisco · Catedral

PROCESIÓN DOS ESTUDANTES

Irmandade do Stmo. Cristo da
Misericordia, Noso Pai Xesús da
Esperanza e Nosa Señora dos Remedios

Sede Colexio das Orfas

Saída Rúa das Orfas

PROCESIÓN DE LOS ESTUDIANTES

Hermanidad del Stmo. Cristo de la
Misericordia, Ntro. Padre Jesús de la
Esperanza y Nuestra Señora de los
Remedios

Sede Colegio de las Huérfanas

Salida Rúa das Orfas

Percorrido · Recorrido

Colexio das Orfas (23:00 h) · Praza do Toural (23:15 h) · Rúa do Vilar (23:30 h) · Praza das Praterías (23:45 h) · Rúa de Xelmírez (00:00 h) · Rúa Nova (00:15 h) · Arco de Santa María de Salomé (00:30 h) · Rúa das Orfas (00:45 h) · Colexio das Orfas (01:00 h). O cronograma é aproximado, cunha posible variación de 15 minutos.



Mércores·Miércoles


16

ABRIL

23.00 h

Mércores
Santo
Miércoles Santo

www.hermandadeestudiantes.com



PROCESIÓN DA ÚLTIMA CEA DO SALVADOR

Confraría da Vera Cruz

Sede Igrexa de San Francisco

Saída Campiño de San Francisco

PROCESIÓN DE LA ÚLTIMA CENA DEL SALVADOR

Cofradía de la Vera Cruz

Sede Iglesia de San Francisco

Salida Campillo de San Francisco

Percorrido · Recorrido

San Francisco · Praza do Obradoiro · Praza das Praterías · Rúa do Vilar · Praza do Toural Rúa Nova · Conga · Praza das Praterías · Praza do Obradoiro · San Francisco.

Xoves
Santo
Jueves Santo

Xoves·Jueves

17

ABRIL

19.00 h

www.cofradiaveracruzsantiago.es

PROCESIÓN DE XESÚS FLAXELADO

Confraría do Noso Pai
Xesús Flaxelado

Sede Igrexa de Santo Agostiño
Saída Praza de Santo Agostiño

PROCESIÓN DE JESÚS FLAGELADO

Cofradía de Nuestro Padre
Jesús Flagelado

Sede Iglesia de San Agustín
Salida Plaza de San Agustín

Percorrido · Recorrido

Santo Agostiño · Cantón de San Bieito ·
Praza de Cervantes · Algalia de Arriba · Praza
de San Miguel · Abril Ares · Campás de San
Xoán · Acibechería · Tras San Paio · Conga
Preguntoiro · Caldeirería · Orfas · Praza do
Toural · Rúa do Vilar · Xelmírez · Conga
Preguntoiro · Praza de Cervantes · Cantón de
San Bieito · Praza de Santo Agostiño.



Xoves·Jueves

17

ABRIL

23.30 h

Xoves
Santo
Jueves Santo



PROCESIÓN DO SANTO ENCONTRO

Confraría do Noso
Pai Xesús Nazareno e a
Stma. Virxe das Dores

Sede Igrexa de San Miguel dos Agros
Saída Praza de San Miguel

PROCESIÓN DEL SANTO ENCUESTRO

Cofradía de Nuestro
Padre Jesús Nazareno y la
Stma. Virgen de los Dolores

Sede Iglesia de San Miguel dos Agros
Salida Plaza de San Miguel

Percorrido · Recorrido

Praza da Quintana · Conga · Praza das Praterías
· Rúa do Vilar · Praza do Toural · Rúa Nova · Conga
Preguntoiro · Praza de Cervantes · Algalia de Arriba
San Roque · Hospitaliño · Porta da Peña · Praza de San
Martíño Pinarío · Igrexa de San Miguel dos Agros.

En caso de que as inclemencias meteorolóxicas
impidan o desfile procesional, organizarase o sermón
do Encontro na SAMI Catedral.

Venres
Santo
Viernes Santo

Venres · Viernes

18

ABRIL

10.30 h

www.cofradiadoloresantiago.es

PROCESIÓN DA QUINTA ANGUSTIA

Confraría da Nosa Señora
da Quinta Angustia

Sede Igrexa da Quinta Angustia
Saída Campo da Angustia

PROCESIÓN DE LA QUINTA ANGUSTIA

Cofradía de Nuestra Señora
de la Quinta Angustia

Sede Iglesia de la Quinta Angustia
Salida Campo de la Angustia

Percorrido · Recorrido


Campo da Angustia · Rúa do Rosario · Rúa de Bonaval · Porta do Camiño · Rúa das Casas Reais · Praza de Cervantes · Rúa da Acibechería · Rúa de Tras San Paio de Antealtares Rúa da Conga · Rúa do Preguntoiro · Praza de Cervantes · Rúa das Casas Reais · Porta do Camiño · Rúa de San Pedro · Rúa da Angustia Campo da Angustia.

Venres · Viernes

18

ABRIL

18.00 h



Venres
Santo
Viernes Santo



Venres
Santo
Viernes Santo

Venres · Viernes

18

ABRIL

20.00 h

PROCESIÓN DO SANTO ENTERRO

Confraría Numeraria do Rosario

Sede Igrexa de San Domingos

Saída San Domingos de Bonaval

(En caso de choiva farase un Vía Crucis na
Igrexa de San Domingos de Bonaval)

PROCESIÓN DEL SANTO ENTIERRO

Cofradía Numeraria del Rosario

Sede Iglesia de San Domingos

Salida San Domingos de Bonaval

(En caso de lluvia se hará un Vía Crucis en
la Iglesia de San Domingos de Bonaval)

Percorrido · Recorrido

San Domingos de Bonaval · Porta do Camiño
Casas Reais · Praza de Cervantes · Acibebería
Praza da Inmaculada · Estación de Penitencia
na Catedral · Praza das Praterías · Rúa do Vilar
Praza do Toural · Rúa Nova · Conga · Preguntoiro
Praza de Cervantes · Casas Reais · Porta do
Camiño · San Domingos de Bonaval.

PROCESIÓN DA VIRXE DA SOIDADE

Ilustre Confraría da
Virxe da Soidade

Sede Igrexa de Salomé
Saída Rúa Nova

PROCESIÓN DE LA VIRGEN DE LA SOLEDAD

Ilustre Cofradía de la
Virgen de la Soledad

Sede Iglesia de Salomé
Salida Rúa Nova

Percorrido · Recorrido

Rúa Nova · Praza do Toural · Rúa do Vilar
Praza de Praterías · Conga · Preguntoiro · Rúa
do Castro · Praza da Universidade · Cardenal
Payá · Orfas · Toural · Rúa Nova.

1664-2014



Venres
Santo
Viernes Santo

Venres · Viernes

18

ABRIL

23.00 h

cofradiadelasoledadsantiago.blogspot.com



*Sábado
Santo*

Sábado

19

ABRIL

19.30 h

<http://cofradielauncion.blogspot.com.es>

PROCESIÓN DOS IRMÁNS

Real Confraría do
Santísimo Cristo da Unción e
Nosa Señora da Serenidade

Sede Colexio da Inmaculada
Saída Concepción Arenal

PROCESIÓN DE LOS HERMANOS

Real Cofradía del Santísimo Cristo
de la Unción y Nuestra Señora
de la Serenidad

Sede Colegio de la Inmaculada
Salida Concepción Arenal

Percorrido · Recorrido

Rúa García Blanco · Concepción Arenal ·
Fonte de Santo Antonio · Orfas · Rúa Nova
Rúa de Xelmírez · Praza das Praterías · Rúa
do Vilar · Porta Faxeira · Senra · Fonte de
Santo Antonio · Concepción Arenal.

PROCESIÓN DO CRISTO RESUCITADO

Confraría da Vera Cruz

Sede Igrexa de San Francisco

Saída Campiño de San Francisco

PROCESIÓN DEL CRISTO RESUCITADO

Cofradía de la Vera Cruz

Sede Iglesia de San Francisco

Salida Campillo de San Francisco

Percorrido · Recorrido

San Francisco · Obradoiro · Praterías · Praza da Quintana (11h) · Conga · Rúa Nova · Praza do Toural · Rúa do Vilar · Praza das Praterías Conga · Preguntoiro · Praza de Cervantes Acibechería · Praza da Inmaculada · Travesa das Dúas Portas · San Francisco.



Domingo


20

ABRIL

10.30 h

*Domingo
de Pascua*

www.cofradiaveracruzsantiago.es



*Dominica
in albis*

Domingo

27

ABRIL

11.00 h

PROCESIÓN DO SANTÍSIMO CRISTO DA PACIENCIA

Confraría do Santísimo
Cristo da Paciencia

Sede Igrexa da Mercé de Conxo
Saída Praza do Obradoiro

PROCESIÓN DEL SANTÍSIMO CRISTO DE LA PACIENCIA

Cofradía del Santísimo
Cristo de la Paciencia

Sede Iglesia de la Mercé de Conxo
Salida Plaza del Obradoiro

Percorrido · Recorrido

Praza do Obradoiro · Praza das Praterías · Rúa do Vilar · Porta Faxeira · Avda. Xoán Carlos I Rosalía de Castro · Avda. de Vilagarcía · García Prieto · Sánchez Freire · Igrexa da Mercé de Conxo.

Concerto Extraordinario Semana Santa

Banda Municipal de Santiago de Compostela

12

sábado

ABRIL

21.00 h

Igrexa de
San Francisco

Cantata nº 140 "Wachet auf" J. S.	Bach/A. Reed
Canterbury Chorale	J. van Der Roost
Adagio	T. Albinoni
Cantata nº 147 " Jesu, Joy of Man's Desiring"	J. S. Bach/A. Reed
Mors et Vita "Judex"	Ch. Gounod
Sinfonía nº3 "Órgano" (II mov.)	C. Saint Saëns
Largo de la Ópera "Xerxes" "Ombra mai fu"	G. F. Haëndel
Iesus Nazareus (Marcha de procesión)	R. García i Soler
Santiago Apostol (Marcha de procesión)	J. Pérez Garrido
Himno a San Francisco*	J. N. Garmendia

Dir: Juan Miguel Romero

*Estrea da adaptación para banda



ORGANIZA

Xunta de Confrarías de Santiago de Compostela
Irmandada con Popoyán (Colombia)

EDITA



www.semanasantaensantiago.com